

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA), por iniciativa dos seus deputados **Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Xosé Manuel Beiras Torrado, Antón Sánchez García, Juan Manuel Fajardo Recouso** e da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei** para o seu debate en Pleno.

### Exposición de motivos

As mestras, o persoal de servizos xerais, estudantes, nais e pais... O conxunto de persoas que forman parte da comunidade educativa que integra a rede da Galiña Azul, manifestamos o noso rexeitamento ao conxunto de medidas adoptadas en detrimento da calidade dos servizos e de mercantilización das escolas públicas infantís.

A Consellería de Traballo e Benestar reduce día a día o persoal nas escolas infantís da rede A Galiña Azul, unha decisión que implica que o servizo que se lles presta ás crianzas se deteriore, degradándose a calidade do servizo e de moitas das actividades desenvolvidas até o momento como consecuencia de persoal insuficiente. Esta situación de recortes dificulta tamén a conciliación das familias: pois ao ter só unha persoa de referencia, se causase baixa por calquera motivo, os meniños e meniñas sufrirían un período de axuste non planificado.

Solicitamos que o Consorcio Galego de Benestar remate con esta situación de desmantelamento da rede e que dende a Xunta se garanta o cumprimento dos parámetros de calidade cos que foi creada. Non podemos permitir que continúe a actual política de amortizacións da parella educativa, que pon en perigo todo o proxecto educativo das nosas escolas infantís.

Recordamos que a propia Consellería establece claramente a súa importancia na web baixo o seguinte texto: "O compromiso coa calidade vertebrado ao redor de dous elementos cruce: a redución do cociente de alumnos/as por cada educador e a formación continua. Para facer posible o primeira, se aposta pola parella educativa".

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta ten que realizar unha lectura política e garantir a atención de calidade á infancia. Por todo o exposto, desde a Rede de Escolas Infantís do Consorcio realizamos a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno da Xunta a:

- 1.-) Rectificar a política de amortizacións do Consorcio Galego de Benestar e respecte o compromiso coa calidade, vertebrado na Galiña Azul ao redor da parella educativa.
- 2.-) Establecer de forma participada cos axentes sociais un convenio xusto que regule a situación laboral das traballadoras da Galiña Azul, en que sexa de aplicación á xornada laboral da Xunta e o V Convenio Laboral (homoxeneizar retribucións e a participación en procesos de permutas e mobilidade laboral).
- 3.-) Asignar os recursos suficientes para garantir que a calidade deste servizo público de atención á infancia, educativo e asistencial, permita a conciliación da

vida laboral e persoal non só dos pais e nais, senón tamén da propia plantilla de traballadoras e traballadores.

4.-) Dotar de persoal administrativo para asistir ao persoal educativo dos centros durante o período de preinscricións e matrículas, e impedir que unha sóa persoa teña que se ocupar das nenas e nenos, mentres o resto das traballadoras teñen que atender cuestións administrativas e de dirección.

5.-) Reducir o cociente de alumnos/as por cada educador e asegure a formación continua.

6.-) Dotar do persoal de apoio preciso para garantir unha verdadeira labor educativa, así como a realización de actividades no exterior e asistencia aos meniños e meniñas con diversidade funcional.

7.-) Incrementar os cursos formativos a disposición do persoal dos centros atendendo ás peticións das traballadoras.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2016.

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 28/06/2016 13:13:47**

**Ramón Vázquez Díaz na data 28/06/2016 13:13:57**

**Eva Solla Fernández na data 28/06/2016 13:14:04**

**Anton Sánchez García na data 28/06/2016 13:14:15**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 28/06/2016 13:14:24**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 28/06/2016 13:14:32**